

## REGULAMENTO DA SECCIÓN DEPORTIVA AGAXEDE

### **Artigo 1.- AGAXEDE E SEUS FINS**

1.1 AGAXEDE foi constituída ao amparo do artigo 22 da Constitución Española e réxese pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, ademais de calquera outra norma que sexa de aplicación e polos Estatutos vixentes.

1.2 Confórmase como unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, e integrada por persoas físicas e xurídicas.

Conforme ó artigo 2 dos seus Estatutos, ten como fins principais:

a) O fomento e desenvolvemento, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, dun desempeño da dirección e xestión do deporte que sexa seguro, sostible, inclusivo, accesible, igualitario, dixital e de calidade.

b) A información, formación e asistencia, por medio das ferramentas e actividades que sexan precisas, ás persoas que realizan un desempeño de dirección e xestión deportiva, tanto no sector público como no privado, e sexan ou non de carácter profesional.

### **Artigo 2.- DENOMINACIÓN**

AGAXEDE, no artigo 25.1 dos seus Estatutos, manifesta a súa vontade de constituír no seu seno, cantas seccións ou departamentos sexan posibles para o cumprimento dos seus fins e o seu recoñecemento conforme a lexislación de aplicación e, de forma específica, a creación dunha sección deportiva, conforme o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. Por iso denominarase “sección deportiva AGAXEDE”, sen personalidade xurídica propia, e créase como prolongación da súa asociación matriz.

### **Artigo 3.- OBXECTO**

A sección deportiva AGAXEDE ten como obxecto o desenvolvemento da promoción de actividades físicas e deportivas saudables que promovan o movemento e a vida activa en persoas de calquera idade e condición, que constitúe unha finalidade de AGAXEDE de carácter accesorio respecto ós seus fins principais, sinalados no artigo 1.2 deste regulamento. A modalidade deportiva a promocionar por esta sección será o atletismo, sen excluír outras modalidades que fomenten o deporte social e cidadán.

### **Artigo 4.- DOMICILIO**

O domicilio da sección deportiva AGAXEDE será o mesmo que ten a asociación matriz, radicado na Comunidade Autónoma de Galicia, na rúa Darwin núm. 1, 15172- Oleiros (A Coruña).

## **Artigo 5.- ÓRGANOS DE GOBERNO**

5.1 Os órganos de goberno e o réxime de administración serán os mesmos que os de AGAXEDE como asociación matriz, sendo a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral os órganos de goberno, no marco dos Estatutos de AGAXEDE que compren cos principios de representatividade e participación, establecendo unha organización interna de carácter democrático.

5.2 A necesaria función de coordinación do funcionamento da sección deportiva AGAXEDE será desempeñada pola persoa que sexa nomeada pola Xunta Directiva, debendo formar parte da mesma.

## **Artigo 6.- XESTIÓN ECONÓMICA E FINANCIERA**

6.1 A xestión económica e financeira da sección deportiva será realizada polos órganos e persoas que teñan asignada esta función en AGAXEDE.

6.2 As actividades deportiva tuteladas pola sección deportiva, serán financiadas integramente polo orzamento xeral de AGAXEDE e os resultados económicos de fin de exercicio estarán integrados no balance xeral de AGAXEDE.

6.3 Levarase unha contabilidade específica da sección deportiva AGAXEDE, onde quede reflectida a imaxe fiel do balance económico e a situación financeira das actividades realizadas pola sección deportiva, co fin de que os beneficios, no seu caso, sexan repercutidos na súa actividade deportiva do seguinte exercicio.

## **Artigo 7.- PERSOAS ASOCIADAS**

Serán persoas asociadas á sección deportiva AGAXEDE, as mesmas que teñan esa condición en AGAXEDE, segundo o disposto nos seus Estatutos.

## **Artigo 8.- RÉXIME DISCIPLINARIO**

O réxime disciplinario será o recollido nos Estatutos de AGAXEDE. En todo caso, os conflitos internos que poidan xurdir no ámbito da sección deportiva e que non se atopen previstos no réxime disciplinario deportivo, teñen natureza asociativa e de ámbito civil, sen prexuízo da posibilidade de sometelos ao arbitraje, nos termos previstos no título VII da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

## **Artigo 9.- REFORMA DO REGULAMENTO**

Este regulamento poderá modificarse por decisión da Asemblea Xeral de AGAXEDE e calquera cambio que poda producirse, será notificado ó Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

## Artigo 10.- DISOLUCIÓN

A sección deportiva AGAXEDE poderá disolverse por:

- ✓ Acordo da Asemblea Xeral de AGAXEDE.
- ✓ Sentencia xudicial.
- ✓ Calquera causa legalmente determinada.

No caso de disolución da sección deportiva, o seu activo, de habelo, será investido por parte de AGAXEDE como asociación matriz, nas actividades con fins de carácter deportivo. A disolución será comunicada ó Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

## Dilixencia final

Dña. Carla da Silva Castro, na súa calidade de secretaria xeral da Asociación Galega de Xestión Deportiva (AGAXEDE), fai constar que na Asemblea Xeral celebrada o 18 de xuño de 2020 acordouse crear a sección deportiva AGAXEDE e autorizar á Xunta Directiva para elaborar e aprobar o correspondente regulamento no marco dos Estatutos de AGAXEDE, da Lei 3/2012, do 2 de abril do Deporte de Galicia e demais normativa galega que sexa de aplicación. O regulamento finalmente aprobouse na Xunta Directiva de 28 de setembro de 2021, celebrada nas dependencias da sede social de AGAXEDE, sita en Oleiros (A Coruña), para proceder á súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia e o Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

En Oleiros (A Coruña), a 12 de novembro do 2021.

Asdo. Dña. Carla da Silva Castro  
Secretaria Xeral

Vº e Pº  
D. Eduardo Blanco Pereira  
Presidente